



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, 9
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 30 de xullo de 2021 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Química Inorgánica a Carlos Platas Iglesias.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 10 de maio de 2021 (BOE do 21 de maio de 2021), para a provisión da praza número 21/001 de Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Química Inorgánica, departamento de Química desta universidade, a favor de Carlos Platas Iglesias, con DNI núm. ***1356** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Carlos Platas Iglesias, Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Química Inorgánica, departamento de Química desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 30 de xullo de 2021

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	VqxnMFBYd09djnow+EeAtw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	30/07/2021 13:04:22
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VqxnMFBYd09djnow+EeAtw==		

